

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025
EMPRESA E DISEÑO
DE MODELOS DE NEGOCIO**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. VALORACIÓN E SELECCIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO. (2,5 puntos)

Está contratado no departamento financeiro dunha empresa de transformación metálica, con sede social en Galicia. A empresa propón facer un investimento en nova maquinaria, co obxectivo de satisfacer os pedidos que lle solicitan os seus clientes. Barállanse dúas posibles tecnoloxías, unha de corte por chorro de auga (proxecto A) e outra de corte de láser (proxecto B). Considere dous proxectos de investimento, que xeran os fluxos de caixa que figuran na táboa:

Proxecto	Desembolso inicial	Fluxo de caixa ano 1	Fluxo de caixa ano 2	Fluxo de caixa ano 3
Proxecto A	125.000€	50.000€	90.000€	10.000€
Proxecto B	50.000€	14.000€	19.000€	24.000€

Con esta información debe resolver estes **tres apartados**:

1.1. Calcule o prazo de recuperación de cada proxecto **(1 punto)**

1.2 Determine o Valor Actualizado Neto de cada proxecto, supoñendo que a taxa de desconto é do 4% anual **(1 punto)**.

1.3 A partir dos resultados dos apartados anteriores, xustifique cal dos dous dos proxectos sería preferible **(0,5 puntos)**.

PREGUNTA 2. BALANCE. (2,5 puntos)

Dados os seus coñecementos económicos, un amigo seu que ten unha pequena empresa pídelles que analice a súa viabilidade para o que lle achega a valoración dos elementos que constitúen o patrimonio da empresa, concretamente estes:

Elementos de transporte	50.000€	Banco c/c	4.000€
Mercadorías	30.000€	Reservas	30.000€
Provedores	15.000€	Clientes	20.000€
Débeda con entidade de crédito a longo prazo	35.000€	Aplicacións informáticas	10.000€

Agradecéndolle o favor, pídelles que **responda estes dous apartados**:

2.1. Clasifique o balance en masas patrimoniais e calcule a cifra de capital. **(1 punto)**

2.2. Responda un destes dous subapartados:

2.2.1. Determine o fondo de manobra de dúas formas distintas e comente os resultados. **(1, 5 puntos)**

2.2.2. Calcule a ratio de autonomía financeira, $A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})$, e a rendibilidade financeira, tendo en conta que o beneficio neto obtido no exercicio é de 7.400€. Comente os resultados. **(1, 5 puntos)**

PREGUNTA 3. O MODELO DE NEGOCIO E DE XESTIÓN. (2,5 puntos)

Supoña que cambia de traballo e contrátano para o departamento de recursos humanos dunha empresa dedicada á instalación e ao mantemento de sistemas eléctricos. Nestes momentos ten que realizar a súa primeira tarefa que consiste en atopar o candidato idóneo para cubrir un posto de responsable de proxectos eléctricos na industria do metal. Para o devandito traballo esíxese titulación en Enxeñeiro eléctrico, experiencia mínima de 5 anos como responsable de proxectos, manexar de software de deseño eléctrico, coñecemento da normativa de seguridade eléctrica, capacidade de comunicación, flexibilidade para adaptarse a cambios no proxecto, habilidades de negociación e de liderado. Para efectuar esta tarefa, despois examinar o currículo, realiza entrevistas, test de personalidade e dinámicas de grupo. Unha vez desempeñada con éxito esta tarefa, encárganlle a elaboración dunha proposta que teña como fin a mellora da igualdade na empresa entre homes e mulleres; analizada a situación existente expón dous tipos de medidas, por un lado unhas destinadas a mellorar da conciliación, mediante a flexibilidade de horario, e por outro, un programa de desenvolvemento profesional para mulleres directivas, co fin de aumentar o número de mulleres nos postos de responsabilidade.

3.1. Identifique e explique a función de xestión de recursos humanos que realiza na primeira tarefa asignada e como a leva a cabo. **(1 punto)**

3.2. Responda un destes dous subapartados :

3.2.1. Explique que son as habilidades duras e brandas e identifique no texto dous exemplos de cada unha delas. **(1,5 puntos)**

3.2.2. Explique que son as políticas de igualdade e inclusión e identifique as medidas que neste ámbito se relacionan no texto. **(1,5 puntos)**

PREGUNTA 4. FERRAMIENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO E XESTIÓN. (2,5 puntos).

Está a pensar en realizar unha ruta en bicicleta eléctrica e descobre a compañía Ruralbici, que ofrece un servizo de alugueiro de bicicletas eléctricas en contornas rurais a través dunha aplicación móbil. As bicicletas gárdense nunhas estacións autónomas dotadas de tecnoloxías de carga e ancoraxe. É un proceso moi sinxelo o que o usuario a través da aplicación desbloquea a bicicleta coa que pode ir por libre ou facer algunha das rutas preconfiguradas. Esta idea xurdiu cando os fundadores da compañía experimentaron a pouca axilidade dos sistemas de alugueiro de bicicletas eléctricas no ámbito rural, ao ter que facer primeiro a transferencia do alugueiro, despois levar xustificante de pagamento a un lugar e ir a outro diferente para recoller a bicicleta. En 2022 puxeron en marcha a primeira estación autónoma en Valdoviño, que lles serviu para validar o seu modelo e para aprender do usuario e así mellorar o seu produto. Non verán de 2023, tendo en conta o aprendido crean a seguinte estación e empezan a súa comercialización. O seu obxectivo é ter a final do ano 2025 unha frota de 300 bicis funcionando por toda Galicia.

4.1. Explique que é un nicho de mercado e identifíqueo no texto **(1 punto)**

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Explique que é o prototipado e identifíqueo no texto xustificando a súa utilidade. **(1,5 puntos)**

4.2.2. Identifique no texto o modelo de negocio e explíqueo. **(1,5 puntos)**

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria**, de 2,5 puntos cada una: la primera sin apartados optativos y las tres siguientes con posibilidad de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. VALORACIÓN Y SELECCIÓN DE PROYECTOS DE INVERSIÓN. (2,5 puntos)

Está contratado en el departamento financiero de una empresa de transformación metálica, con sede social en Galicia. La empresa se plantea hacer una inversión en nueva maquinaria, con el objetivo de satisfacer los pedidos que le solicitan sus clientes. Se barajan dos posibles tecnologías, una de corte por chorro de agua (proyecto A) y otra de corte de láser (proyecto B). Considere dos proyectos de inversión, que generan los flujos de caja que figuran en la tabla:

Proyecto	Desembolso inicial	Flujo de caja año 1	Flujo de caja año 2	Flujo de caja año 3
Proyecto A	125.000€	50.000€	90.000€	10.000€
Proyecto B	50.000€	14.000€	19.000€	24.000€

Con esta información ha de resolver estos **tres apartados**:

1.1. Calcule el plazo de recuperación de cada proyecto **(1 punto)**

1.2 Determine el Valor Actualizado Neto de cada proyecto, suponiendo que la tasa de descuento es del 4% anual **(1 punto)**.

1.3 A partir de los resultados de los apartados anteriores, justifique cuál de los dos proyectos sería preferible **(0,5 puntos)**.

PREGUNTA 2. BALANCE. (2,5 puntos)

Dados sus conocimientos económicos, un amigo suyo que tiene una pequeña empresa le pide que analice su viabilidad para lo cual le aporta la valoración de los elementos que constituyen el patrimonio de la empresa, concretamente estos:

Elementos de transporte	50.000€	Banco c/c	4.000€
Mercaderías	30.000€	Reservas	30.000€
Proveedores	15.000€	Clientes	20.000€
Deuda con entidad de crédito a largo plazo	35.000€	Aplicaciones informáticas	10.000€

Agradeciéndole el favor, le pide que **responda estos dos apartados**:

2.1. Clasifique el balance en masas patrimoniales y calcule la cifra de capital. **(1 punto)**

2.2. Responda uno de estos dos subapartados:

2.2.1. Determine el fondo de maniobra de dos formas distintas y comente los resultados. **(1, 5 puntos)**

2.2.2. Calcule la ratio de autonomía financiera, $A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corriente} + \text{pasivo no corriente})$, y la rentabilidad financiera, teniendo en cuenta que el beneficio neto obtenido en el ejercicio es de 7.400€. Comente los resultados. **(1, 5 puntos)**

PREGUNTA 3. EL MODELO DE NEGOCIO Y DE GESTIÓN. (2,5 puntos)

Suponga que cambia de trabajo y lo contratan para el departamento de recursos humanos de una empresa dedicada a la instalación y el mantenimiento de sistemas eléctricos. En estos momentos tiene que realizar su primera tarea que consiste en encontrar el candidato idóneo para cubrir un puesto de responsable de proyectos eléctricos en la industria del metal. Para dicho trabajo se exige titulación en Ingeniero eléctrico, experiencia mínima de 5 años como responsable de proyectos, manejar de software de diseño eléctrico, conocimiento de la normativa de seguridad eléctrica, capacidad de comunicación, flexibilidad para adaptarse a cambios en el proyecto, habilidades de negociación y de liderazgo. Para efectuar esta tarea, después de examinar el *curriculum*, realiza entrevistas, test de personalidad y dinámicas de grupo. Una vez desempeñada con éxito esta tarea, le encargan la elaboración de una propuesta que tenga como fin la mejora de la igualdad en la empresa entre hombres y mujeres, analizada la situación existente plantea dos tipos de medidas: unas destinadas a mejora de la conciliación, mediante la flexibilidad de horario, y por otro, un programa de desarrollo profesional para mujeres directivas, con el fin de aumentar el número de mujeres en los puestos de responsabilidad.

3.1. Identifique y explique la función de gestión de recursos humanos que realiza en la primera tarea asignada y cómo la lleva a cabo. **(1 punto)**

3.2. Responda uno de estos dos subapartados :

3.2.1. Explique qué son las habilidades duras y blandas e identifique en el texto dos ejemplos de cada una de ellas. **(1,5 puntos)**

3.2.2. Explique qué son las políticas de igualdad e inclusión e identifique las medidas que en este ámbito se relacionan en el texto. **(1,5 puntos)**

PREGUNTA 4. HERRAMIENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO Y GESTIÓN. (2,5 puntos).

Se está planteando realizar una ruta en bicicleta eléctrica y descubre la compañía Ruralbici, que ofrece un servicio de alquiler de bicicletas eléctricas en entornos rurales a través de una aplicación móvil. Las bicicletas se guardan en unas estaciones autónomas dotadas de tecnologías de carga y anclaje. Es un proceso muy sencillo el que el usuario a través de la aplicación desbloquea la bicicleta con la que puede ir por libre o hacer alguna de las rutas preconfiguradas. Esta idea surgió cuando los fundadores de la compañía experimentaron la poca agilidad de los sistemas de alquiler de bicicletas eléctricas en el ámbito rural, al tener que hacer primero la transferencia del alquiler, luego llevar justificante de pago a un lugar y a otro diferente se recogía la bicicleta. En 2022 pusieron en marcha la primera estación autónoma en Valdoviño, que les sirvió para validar su modelo y para aprender del usuario y así mejorar su producto. En verano de 2023, teniendo en cuenta lo aprendido crean la siguiente estación y empezaron su comercialización. Su objetivo es tener a final del año 2025 una flota de 300 bicis funcionando por toda Galicia.

4.1. Explique qué es un nicho de mercado e identifíquelo en el texto. **(1 punto)**

4.2. Responda uno de estos dos subapartados:

4.2.1. Explique qué es el prototipo e identifíquelo en el texto justificando su utilidad. **(1,5 puntos)**

4.2.2. Identifique en el texto el modelo de negocio y explíquelo. **(1,5 puntos)**



Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso